EQAVET

European Quality Assurance in
Vocational Education and Training

Primeiros pasos con EQAVET

Proxecto Quality Assurance for CoVEs in Spain (QACS)

Secretaría General de Formación Profesional
Subdirección General de Evaluación y Calidad del Sistema

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

Primeiros pasos con EQAVET

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Secretaría General de Formación Profesional

Subdirección General de Evaluación y Calidad del Sistema

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

Catálogo de publicacións do MEFD:https://librería.educacion.gob.es
Catálogo de Publicacións da Administración General del Estado (CPAGE): https://cpage.mpr.gob.es/

Primeiros pasos con EQAVET



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Secretaría General de Formación Profesional
Subdirección General de Evaluación y Calidad del Sistema

Edita:

© SECRETARÍA GENERAL TÉCNICA
Subdirección General de Atención al Ciudadano, Documentación y Publicaciones

Edición: 2026

eNIPO: 164-26-120-2

Descargo de responsabilidade

Financiado pola Unión Europea. As opinións e puntos de vista expresados só comprometen ao(s) seu(s) autor(es) e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou os da Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser consideradas responsables deles.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

Índice

1. Introdución
2. Que é EQAVET?
3. Para que serve EQAVET?
4. Primeiros pasos con EQAVET
5. Anexos

Paso 1. Prospección inicial en reunión co equipo directivo ou departamento de familia profesional. A relación cos axentes implicados.

Paso 2. Descritores e indicadores EQAVET. Identificación de descritores e indicadores EQAVET nos procesos do centro/departamento de familia profesional.


Paso 3. Autoavaliación. Pilotaxe de autoavaliación EQAVET para o centro educativo.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

1. Introdución



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

A formación profesional emerxe como un compoñente fundamental para afrontar os grandes desafíos aos que se enfronta o noso país no actual panorama económico e social. Nesta conxuntura, a necesidade de acadar un nivel de excelencia cuantificable segundo estándares definidos e en sintonía coas directrices dos órganos competentes da Unión Europea sitúase como un instrumento de gran potencial. Para facer fronte a estes desafíos é imprescindible, ademais de fortalecer o papel da formación profesional mediante un compromiso firme co seu crecemento e progreso, contar cunha avaliación constante e exhaustiva, na que se identifiquen as áreas de mellora e se corrixan a tempo posibles desviacións ou erros.

A adopción das recomendacións europeas para traballar na mellora da xestión de calidade na formación profesional en España implica un traballo constante neste ámbito.

Considérase a implementación do Marco de Referencia Europeo de Garantía da Calidade na Formación Profesional EQAVET como marco nacional de referencia na formación profesional, que serve como modelo inspirador para lograr unha cohesión integral en todo o Sistema de Formación Profesional a nivel nacional.

A calidade da Formación Profesional (FP) abórdase na Lei Orgánica 3/2022, de ordenación e integración da Formación Profesional. O título X regula a avaliación e calidade do sistema da FP, concretamente, o artigo 110 establece que a avaliación do sistema de formación profesional se realizará baixo os indicadores establecidos no marco EQAVET.

A propia lei determina, ademais, a necesidade de realizar informes sobre o estado do sistema de formación profesional, establecendo que a Administración Xeral do Estado creará e coordinará un sistema de avaliación do sistema de formación profesional para asegurar a súa mellora e innovación continuas.

Así mesmo, nesta Lei Orgánica 3/2022, indícase que o sistema de avaliación do sistema de formación profesional deberá ter en conta algunhas características como as que seguen a continuación:

- O desenvolvemento da avaliación con carácter interno e externo e de modo continuo como parte dun ciclo de mellora permanente.
- A recollida de información conforme a un sistema de indicadores de calidade.
- O uso de diversas fontes de verificación que garantan a triangulación de datos.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

- Os principios propios de toda avaliación pública: a pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto social e sostibilidade.

En consonancia coa Lei 3/2022, o Real Decreto 659/2023, de xullo de 2023, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, tamén recolle a necesidade de garantir un réxime de formación e acompañamento profesionais, que sirva para o fortalecemento e sostibilidade da economía, e que sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, expectativas e aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polo mundo laboral.

Este RD tamén establece no seu título IX que o marco de avaliación e garantía de calidade do sistema de FP abranguerá, como mínimo, as fases de planificación, implementación, resultados e actualización, de acordo cos indicadores establecidos no Marco Europeo de Garantía de Calidade da Formación Profesional (EQAVET).

Dende o punto de vista dos centros provedores de ofertas de formación profesional, destácase a necesidade de crear unha cultura de calidade que persiga a excelencia. Para isto requírese a participación de todas as partes implicadas no proceso de implementación da calidade.


Esta guía básica xorde tras a realización do curso «Introdución ao modelo de calidade EQAVET para provedores de formación no sistema de formación profesional», que se enmarca no proxecto Quality Assurance for CoVEs in Spain. Forma parte do programa ERASMUS2027 aprobado pola Comisión Europea, que ten como obxectivo desenvolver a garantía de calidade e a implantación do modelo de calidade de EQAVET como medio para desenvolver procedementos de certificación homologados a nivel internacional. Estes procedementos permitirán crear un ecosistema innovador e contornos de innovación vinculados ao novo sistema de formación profesional nos centros provedores de ofertas de formación profesional e nos centros da Rede Estatal de Centros de Excelencia de Formación Profesional.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

2. Que é EQAVET?



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

EQAVET —Marco de Referencia Europeo de Garantía da Calidade na Formación Profesional— é un instrumento de referencia destinado a axudar os países da UE a fomentar e guiar a mellora continua dos seus sistemas de formación profesional a partir dunhas referencias acordadas en común. Ademais de contribuír a mellorar a calidade neste ámbito, o seu propósito é asentar unha confianza mutua entre os sistemas de FP e facilitar a aceptación e o recoñecemento das aptitudes e competencias adquiridas en distintos países e contornos educativos.

EQAVET xurdiu da Recomendación de 2009 do Parlamento Europeo e o Consello, que invitaba os Estados membros a usar descritores e indicadores para fortalecer a calidade da oferta de FP.

EQAVET desenvolveuse posteriormente grazas á Recomendación de 2020 sobre formación profesional para a competitividade sostible, a xustiza social e a resiliencia.

A Recomendación de formación profesional describe como se pode empregar EQAVET para fortalecer a calidade da FP inicial e continua, e presenta o marco completo.

O Marco de Referencia Europeo de Garantía da Calidade é un instrumento de referencia para axudar os Estados membros a fomentar e supervisar a mellora permanente dos seus sistemas de FP sobre a base de parámetros comúns europeos, que ten como finalidade contribuír á mellora da calidade na FP e a elevar o grao de transparencia e coherencia entre os Estados membros no desenvolvemento das súas políticas de FP. Así, promove a confianza mutua, a mobilidade dos traballadores e as persoas que participan nos procesos de aprendizaxe e aprendizaxe permanente, o que garante estándares comúns e fomenta a mobilidade de estudantes e traballadores cualificados.

EQAVET comprende un ciclo de planificación, aplicación, avaliación e revisión en materia de garantía e mellora da calidade da FP. Está apoiado por un conxunto de criterios de calidade, descritores indicativos e indicadores aplicables á xestión da calidade tanto nos sistemas como nos provedores de formación profesional que se facilitan exclusivamente a título orientador e poden ser seleccionados e aplicados polos usuarios do Marco de acordo con todos ou parte dos requisitos e disposicións vixentes.


GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

Ciclo de garantía de calidade EQAVET

PLANIFICACIÓN **Establecer metas e obxectivos claros, axeitados e cuantificables para políticas, procedementos, tarefas e recursos humanos.**	**IMPLEMENTACIÓN** **Establecer procedementos para garantir a consecución de metas e obxectivos (por exemplo, desenvolvemento de asociacións, participación das partes interesadas, asignación de recursos e procedementos organizativos ou operativos).**
Desenvolver procedementos para lograr os resultados previstos e/ou os nosos obxectivos. Tras procesar os comentarios, as principais partes interesadas levan a cabo debates e análises para deseñar procedementos de cambio. **REVISIÓN**	**Deseñar mecanismos para a avaliación de logros e resultados mediante a compilación e o tratamento de datos co fin de realizar unha valoración fundamentada.** **AVALIACIÓN**

Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

3. Para que serve EQAVET?



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

Mediante este marco, os países da UE poden mellorar os seus sistemas de garantía de calidade coa participación de todos os interesados e, en concreto:

- Establecer puntos de referencia nacionais de garantía de calidade.
- Participar activamente nas redes europeas pertinentes.
- Desenvolver un criterio nacional para mellorar os sistemas de garantía de calidade e usar o Marco da mellor maneira posible.


Grazas a EQAVET, tanto as administracións públicas con competencias en formación profesional como os centros e entidades encargados de impartila poden apoiar a implantación de sistemas e avaliación da calidade en:

- Ambientes de aprendizaxe (oferta educativa, FP dual, oferta formal, informal e non formal).
- Todo tipo de modalidades de aprendizaxe (virtual, presencial ou semipresencial).
- Centros e entidades de FP sostidos tanto con fondos públicos como privados.
- Premios e cualificacións de FP en todos os niveis do Marco Europeo de Cualificacións.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

4. Primeiros pasos con EQAVET

«A máis longa camiñada comeza cun primeiro paso»
(proverbio hindú)



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

A continuación preséntanse tres tarefas, tres primeiros pasos, que calquera centro pode aplicar de maneira autónoma e autoguiada para iniciar un proceso de implantación do marco EQAVET. Consulta o apartado de anexos para atopar información detallada de cada un destes pasos e acceder aos recursos necesarios.

1. PROSPECCIÓN INICIAL EN REUNIÓN CO EQUIPO DIRECTIVO OU DEPARTAMENTO DE FAMILIA PROFESIONAL. A RELACIÓN COS AXENTES IMPLICADOS

A implementación dun sistema de garantía de calidade é un proceso complexo que precisa unha análise profunda da situación dos axentes implicados nos procesos do centro educativo de Formación Profesional.

Este primeiro paso implica analizar a situación dun colectivo importante do centro educativo, como pode ser o equipo directivo ou un departamento de familia profesional, con respecto á súa predisposición na implantación do sistema EQAVET.

Unha vez elixido o colectivo (equipo directivo ou departamento de familia profesional) sobre o traballo de campo que se vai realizar, para a prospección debe programarse unha sesión de traballo cos seus membros.

2. DESCRITORES E INDICADORES EQAVET. IDENTIFICACIÓN DE DESCRITORES E INDICADORES EQAVET NOS PROCESOS DO CENTRO/DEPARTAMENTO DE FAMILIA PROFESIONAL

A recomendación da Unión Europea dentro do marco de referencia EQAVET enuncia unha serie de especificacións a nivel de sistema e a nivel de provedores, chamados **«descritores»**, que nos orientan á hora de implementar o sistema EQAVET nos centros de Formación Profesional. Ademais, separa os descritores segundo a fase de implantación pertencente ao ciclo da calidade enunciado por Deming (planificación, implementación, avaliación e revisión).

Por outra banda, EQAVET establece unha serie de guías de compilación de datos relevantes no centro para a avaliación do sistema, chamados **«indicadores»**, e que cada centro, atendendo á súa autonomía, buscaría a forma de obtelos.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

3. AUTOAVALIACIÓN. PILOTAXE DE AUTOAVALIACIÓN EQAVET PARA O CENTRO EDUCATIVO

Unha das fases máis importantes do ciclo da calidade no que se basea o marco de referencia EQAVET é a fase de avaliación. Nesta fase, os centros programan unha serie de sesións de reflexión para realizar un diagnóstico das fortalezas e debilidades do sistema. A partir desta análise de autoavaliación do sistema, os centros educativos establecen **propostas de mellora** de xeito que poidan mitigar as súas debilidades. Este proceso continuo de autoavaliación e mellora fai que os centros non só actualicen os seus procedementos e os adapten aos cambios xeracionais, senón que tamén se amose unha inquietude continua pola mellora permanente.

Nesta tarefa realízase unha proba piloto porque só se analizará unha mínima parte do sistema. É dicir, pídese analizar dous descritores que o centro considere que son as súas fortalezas e dous descritores que consideren que conteñan debilidades, e a partir de aí búscase como mellorar. Do mesmo xeito, buscaranse os resultados dos indicadores de EQAVET que sexan susceptibles de mellorar os seus resultados, e propoñeranse melloras.

PASOS	RECURSOS
1. Prospección inicial en reunión co equipo directivo ou departamento de familia profesional. A relación cos axentes implicados	- Vídeo resumo EQAVET - Presentación EQAVET - Infografía EQAVET - Formulario «Identificando as barreiras» - Formulario «Relación cos axentes implicados»
2. Descritores e indicadores EQAVET. Identificación de descritores e indicadores EQAVET nos procesos do centro/departamento de familia profesional.	- Folla de cálculo «Identificación de descritores e indicadores EQAVET» - Proxecto QACS Garantía da Calidade na Rede Estatal de Centros de Excelencia en España. Expediente técnico.
3. Autoavaliación. Pilotaxe de autoavaliación EQAVET para o centro educativo	Folla de cálculo «Autoavaliación EQAVET»

Consulta o apartado de anexos para atopar información detallada de cada un destes pasos e acceder aos recursos necesarios.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

Non hai calidade sen calidez. Esa calidez apórtana sempre as persoas involucradas en calquera sistema de garantía da calidade: profesorado, alumnado, familias e persoal de empresas colaboradoras.

Segundo un proverbio atribuído á tradición oral de diferentes culturas africanas, «se camiñamos sós, chegaremos máis rápido; se camiñamos acompañados, chegaremos máis lonxe». Neste sentido, estamos á túa disposición desde o Punto de Referencia Nacional EQAVET para acompañarte neste proceso. Non dubides en enviarnos as túas dúbidas, suxestións, a túa experiencia ou mesmo recursos que desenvolveras no proceso de implantación de EQAVET e que desexes compartir coa comunidade educativa.


Podes atoparnos neste correo electrónico:eqavet.spain@educacion.gob.es

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

5. ANEXOS



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

A.
PASO 1.
PROSPECCIÓN INICIAL EN REUNIÓN CO EQUIPO DIRECTIVO OU DEPARTAMENTO DE FAMILIA PROFESIONAL. A RELACIÓN COS AXENTES IMPLICADOS

1. OBXECTIVOS:

- Informar sobre o sistema EQAVET.
- Analizar os posibles obstáculos á hora de implantar o marco EQAVET.
- Analizar a relación que existe actualmente do centro cos axentes implicados (profesorado, alumnado e entidades de acollida).

2. FORMULACIÓN:

A implementación dun sistema de garantía de calidade é un proceso complexo que precisa unha análise profunda da situación dos axentes implicados nos procesos do centro educativo de Formación Profesional.

Este primeiro paso implica analizar a situación dun colectivo importante do centro educativo, como pode ser o equipo directivo ou un departamento de familia profesional, con respecto á súa predisposición na implantación do sistema EQAVET. Unha vez elixido o colectivo (equipo directivo ou departamento de familia profesional) sobre o traballo de campo que se vai realizar, para a prospección debe programarse unha sesión de traballo cos seus membros. A sesión da prospección inicial ten tres partes que desenvolver:

PRIMEIRA PARTE.
Información sobre o sistema EQAVET:

- Amósase o vídeo resumo de EQAVET, *Que é EQAVET?*
- Explícase a presentación de EQAVET e entrégase a infografía.

SEGUNDA PARTE.
Identificación de barreiras e obstáculos para a implantación de EQAVET no centro:
Cóbrese o documento «Identificando as barreiras» segundo as opinións dos membros do colectivo e póñense en común as razóns principais do motivo das barreiras.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

Na columna «Clasificación» colócase a media aritmética da clasificación das barreiras dos membros do colectivo do 1 ao 10, onde o 1 é a que ten máis obstáculos e o 10 a que ten menos.

Na columna «Xustificación» indícanse as razóns principais (non máis de 3) recollidas polos compoñentes do equipo directivo ou do departamento de familia profesional polas que pensan que podería ser un obstáculo para a implantación de EQAVET.

TERCEIRA PARTE.
Análise da relación cos axentes implicados:
Cóbrese o documento «Relación cos axentes implicados», onde se realiza unha análise do estado da relación cos axentes implicados na implantación do sistema EQAVET (profesorado, alumnado e entidades de acollida).

3. PASOS QUE SEGUIR:

ANTES DA SESIÓN

- Concretar coa dirección do centro ou coa xefatura do departamento (segundo o colectivo elixido) a data da reunión co equipo directivo ou cos membros do departamento para a realización da prospección inicial. Debe aparecer na acta como un punto da orde do día desa reunión. Se na reunión non houbese tempo de acabar o traballo da sesión, concretarase outra data antes de dar a reunión por finalizada.

- Ter preparado o material para levalo á reunión:
- Vídeo resumo EQAVET.
- Presentación José Francisco Alonso Calvo.
- Infografía explicación EQAVET.
- Formulario «Identificando as barreiras»
- Formulario «Relación cos axentes implicados»

DURANTE A SESIÓN OU SESIÓNS

- Amosar o vídeo resumo EQAVET.
- Explicar as características básicas da implantación de EQAVET a través da presentación e da infografía.
- Comezar un debate sobre os obstáculos que pode presentar a implantación do sistema EQAVET no centro e cubrir o documento/formulario

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

«Identificando as barreiras» entre os membros dos colectivos (equipo directivo ou departamento).

- Introducir a importancia que ten a participación activa de todos os axentes implicados no proceso de implantación do marco EQAVET e a partir de aí crear un debate sobre a relación actual cos axentes e cubrir o documento/formulario «Relación cos axentes implicados».

DESPOIS DA SESIÓN OU SESIÓNS

Cubrir os documentos:

- «Identificando as barreiras»
- «Relación cos axentes implicados»

4.- RECURSOS

- *Vídeo resumo EQAVET Que é EQAVET?*
- *Presentación EQAVET (José Francisco Alonso Calvo).*
- *Infografía explicación EQAVET.*
- *Formulario «Identificando as barreiras»*
- *Formulario «Relación cos axentes implicados»*

Accede aos recursos facendo clic no cartafol



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

B.
PASO 2.
DESCRITORES E INDICADORES EQAVET. IDENTIFICACIÓN NOS PROCESOS DO CENTRO/DEPARTAMENTO DE FAMILIA PROFESIONAL

1. OBXECTIVO

Identificar os descritores e indicadores enunciados polo marco de referencia de EQAVET con procesos de xestión do centro educativo.

2. FORMULACIÓN

A recomendación da Unión Europea dentro do marco de referencia EQAVET enuncia unha serie de especificacións a nivel de sistema e a nivel de provedores, chamados **«descritores»**, que nos orientan á hora de implementar o sistema EQAVET nos centros de Formación Profesional. Ademais, separa os descritores segundo a fase de implantación pertencente ao ciclo da calidade enunciado por Deming (planificación, implementación, avaliación e revisión).

Por outra banda, EQAVET establece unha serie de guías de compilación de datos relevantes no centro para a avaliación do sistema, chamados **«indicadores»**, e que cada centro, atendendo á súa autonomía, buscaría a forma de obtelos.
Este segundo paso ten dúas partes para desenvolver:

PRIMEIRA PARTE.
Identificación de descritores EQAVET:

- Lectura e comprensión dos descritores de EQAVET da pestana **«Descritores EQAVET»** da folla de cálculo **«Identificación de descritores e indicadores EQAVET»**, facilitada como recurso desta tarefa.

- Lectura e comprensión das concrecións sobre os descritores de EQAVET da pestana **«Concreción descritores EQAVET»** da folla de cálculo **«Identificación de descritores e indicadores EQAVET»**.

- **Identificación de evidencias** que poidan xustificar os descritores de EQAVET dentro do centro educativo, cubrindo a pestana ***«Identificación descritores EQAVET»***. Unha evidencia é ese documento, ferramenta ou rexistro institucional

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

formal ou informal que se usa dentro dos procesos do centro e que demostra que se cumpre total ou parcialmente o descritor/indicador de EQAVET. En definitiva, calquera documentación, recurso ou ferramenta que use ou xere o centro para demostrar que se cumpre o descritor, por exemplo:

- Actas (consellos sociais/educativos, claustro de profesorado, departamentos didácticos e sesións de equipo educativo).
- Programacións xerais e programacións didácticas.
- Enquisas e informes de resultados de enquisas.
- Plans de formación, plans de accións e plans de mellora.
- Aplicacións informáticas (de xestión de sistemas educativos) e recursos tecnolóxicos como Moodle.
- Procedementos e formatos do sistema de xestión de calidade.
- Rexistros (de relación con entidades de acollida).

SEGUNDA PARTE.
Identificación de descritores EQAVET

- Lectura e comprensión dos indicadores de EQAVET da pestana **«Indicadores EQAVET»** da folla de cálculo **«Identificación de descritores e indicadores EQAVET»**, facilitada como recurso desta tarefa. É moi importante ter en conta que algúns indicadores de EQAVET son difíciles de valorar porque se precisa recopilar datos a nivel de sistema e non é posible abordalos dende os centros. Este é o caso dos seguintes indicadores:

    - Indicador 1. Porcentaxe de centros de FP que amosan evidencia de aplicar os principios de EQAVET, respecto ao número total de centros provedores de FP rexistrados.

    - Indicador 2a. Cantidade total anual investida na formación continua de profesores e formadores, dividida entre a cantidade total de profesores e formadores que participaron nela.

    - Indicador 3b. Número de participantes nun programa de FP continua con idades comprendidas entre os 15 e os 74 anos, dividido entre a poboación de entre 15 e 74 anos e multiplicado por 100.

- O resto dos indicadores poden valorarse dende a perspectiva do centro, especialmente os indicadores 4, 5 e 6.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

- Identificación de **evidencias** (ver información sobre evidencias na primeira parte da formulación). Algunhas das evidencias para os indicadores conséguense a través de enquisas realizadas ao alumnado matriculado e ao alumnado graduado. Outros datos poden saír da secretaría do centro ou dos programas de xestión educativa que teñen os centros en cada comunidade autónoma.

3. PASOS QUE SEGUIR


- **Descargar a folla de cálculo** «Identificación de descritores e indicadores EQAVET»

- **Cubrir a pestana «Identificación descritores EQAVET» da folla de cálculo.** Aconséllase cubrir como mínimo a metade das concrecións dos descritores de EQAVET para cada unha das fases do ciclo de calidade:
  - Fase de planificación: cubrir correctamente un mínimo de 7 concrecións de descritores de EQAVET.
  - Fase de implantación: cubrir correctamente un mínimo de 6 concrecións de descritores de EQAVET.
  - Fase de avaliación: cubrir correctamente un mínimo de 7 concrecións de descritores de EQAVET.
  - Fase de revisión: cubrir correctamente un mínimo de 3 concrecións de descritores de EQAVET.

- **Cubrir a pestana «Identificación indicadores EQAVET»** da folla de cálculo. Aconséllase cubrir polo menos os indicadores 4, 5 e 6 de EQAVET.

Instrucións para a identificación de descritores e indicadores na folla de cálculo

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea



INSTRUCCIONES DE CUMPLIMENTACION DE LA PESTAÑA IDENTIFICACION DE DESCRIPTORES DE EQAVET

1º Se debe entender el significado de cada una de las concreciones de los Descriptores de EAQVET aplicados al centro educativo para las enseñanzas de Formación Profesional.

2º En la columna "ESTADO DEL DESCRIPTOR EN EL CENTRO" se indica si ese descriptor se cumple, es decir si se cubre, si lo hace parcialmente o no lo tiene actualmente el centro contemplado

IDENTIFICACIÓN Y CUMPLIMIENTO DE DESCRIPTORES EQAVET

Centro			Fecha		
Fase Ciclo de Autoevaluación y Mejora	ID DESCRIPTOR	CONCRECIÓN DESCRIPTOR	ESTADO DEL DESCRIPTOR EN EL CENTRO (Se cumple | Parcial | No Contemplado)	IDENTIFICA LAS EVIDENCIAS QUE UTILIZA EL CENTRO PARA DEMOSTRAR EL CUMPLIMIENTO DEL DESCRIPTOR EQAVET (Si el descriptor esta cubierto por el SGC del centro (ISO, EFQM) Indicar el código/nombre del procedimiento y formato que lo cubre)	DESCRIPTORES C C (Indicar la evidencia que ha

3º En la columna "IDENTIFICA LAS EVIDENCIAS QUE UTILIZA EL CENTRO PARA DEMOSTRAR EL CUMPLIMIENTO DEL DESCRIPTOR EQAVET" se rellena con las evidencias que utiliza el centro para cumplimentar el Descriptor. Si el centro tiene implantado un Sistema de Gestión de Calidad como una certificación ISO o EFQM sería suficiente indicar el nombre y código del manual de Calidad que hace que se cumpla.

¿Qué es una evidencia? Es ese documento/herramienta/registro institucional formal o informal que se utiliza dentro del los procesos del centro y demuestra que cubre total o parcialmente el Descriptor/Indicador de EQAVET. Por ejemplo Actas (Consejos sociales/Educativos, Claustro de Profesorado, Departamentos Didácticos, Sesiones de Equipo educativo), Programaciones Generales, Programaciones Didácticas, Encuestas, Informes de Resultados de Encuestas, Planes de formación, Planes de Acciones, Planes de Mejora, aplicativos informáticos (de gestión de Sistemas Educativos), Recursos tecnológicos (Moodle…), Procedimientos y formatos del SGC. Registros (de relación con entidades de acogida). En definitiva cualquier documentación, recurso, herramienta que use/genere el centro para demostrar que se cubre el Descriptor

4º En la columna "DESCRIPTORES CUBIERTOS PARCIALMENTE O NO CONTEMPLADOS" se indica la evidencia que habría que generar para cubrir completamente el Descriptor EQAVET porque actualmente la evidencia que utiliza el centro relacionada con ese descriptor no se puede demostrar que lo cubre totalmente o que no se tenga cubierto porque no se está llevando a cabo ningún acción para ese Descriptor

IDENTIFICACIÓN Y CUMPLIMIENTO DE DESCRIPTORES EQAVET

Centro			Fecha		
Fase Ciclo de Autoevaluación y Mejora	ID DESCRIPTOR	CONCRECIÓN DESCRIPTOR	ESTADO DEL DESCRIPTOR EN EL CENTRO (Se cumple | Parcial | No Contemplado)	IDENTIFICA LAS EVIDENCIAS QUE UTILIZA EL CENTRO PARA DEMOSTRAR EL CUMPLIMIENTO DEL DESCRIPTOR EQAVET (Si el descriptor esta cubierto por el SGC del centro (ISO, EFQM) Indicar el código/nombre del procedimiento y formato que lo cubre)	DESCRIPTORES CUBIERTOS PARCIALMENTE O NO CONTEMPLADOS (Indicar la evidencia que habria que generar para cubrir completamente el descriptor)

4. RECURSOS

- *Folla de cálculo «Identificación de descritores e indicadores EQAVET»*
- *Proxecto QACS Garantía da Calidade na Rede Estatal de Centros de Excelencia en España. Expediente técnico.*

Accede aos recursos facendo clic no cartafol

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea

C.
PASO 3.

AUTOAVALIACIÓN. PILOTAXE DE AUTOAVALIACIÓN EQAVET PARA O CENTRO EDUCATIVO.

1. OBXECTIVO

Realizar unha pilotaxe de autoavaliación respecto aos descritores e indicadores EQAVET do centro educativo.

2. FORMULACIÓN

Unha das fases máis importantes do ciclo da calidade no que se basea o marco de referencia EQAVET é a fase de avaliación. Nela, os centros programan unha serie de sesións de reflexión para realizar un diagnóstico das fortalezas e debilidades do sistema. A partir desta análise de autoavaliación do sistema, os centros educativos establecen **propostas de mellora** de xeito que poidan mitigar as súas debilidades. Este proceso continuo de autoavaliación e mellora fai que os centros non só actualicen os seus procedementos e os adapten aos cambios xeracionais, senón que tamén se amose unha inquietude continua pola mellora permanente.

Nesta tarefa realízase unha proba piloto porque só se analizará unha mínima parte do sistema. É dicir, pídese analizar dous descritores que o centro considere que son as súas fortalezas e dous descritores que consideren que conteñan debilidades, e a partir de aí búscase como mellorar. Do mesmo xeito, buscaranse os resultados dos indicadores de EQAVET que sexan susceptibles de mellorar os seus resultados, e propoñeranse melloras.

Esta tarefa ten dúas partes para desenvolver:

PRIMEIRA PARTE.
Programación das sesións de autoavaliación:

- Análise co equipo directivo sobre que descritores e indicadores van someterse á autoavaliación.
- Estudo da dispoñibilidade do equipo directivo para as sesións e a posibilidade de que participen outros axentes (xefaturas de departamentos, representación do alumnado e dalgunha entidade de acollida.
- Planificación das datas para a sesión ou sesións de autoavaliación.
- Preparación das evidencias relacionadas cos descritores e indicadores de EQAVET que se van analizar nas sesións de autoavaliación.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

SEGUNDA PARTE.
Desenvolvemento das sesións de autoavaliación

- Analizar as debilidades e fortalezas dos descritores e indicadores de EQAVET levados ás sesións e buscar propostas de mellora para mitigar as debilidades atopadas.
- Completar a folla de cálculo **«Autoavaliación EQAVET»** facilitada para a realización da tarefa.

3. PASOS QUE SEGUIR:

- **Descargar a folla de cálculo** «Autoavaliación EQAVET» que se acompaña como recurso desta tarefa.

- **Planificar** co equipo directivo as sesións de autoavaliación, definindo quen vai realizar a autoavaliación. Estudar a dispoñibilidade do equipo directivo e outros roles docentes como xefaturas de departamento. Estudar a posibilidade doutros axentes (alumnado, familias e empresas) segundo que aspectos vaian autoavaliarse.

- Definir canto tempo se vai dedicar a valorar e comprobar os descritores e indicadores EQAVET. Convén facer unha estimación do tempo que pode levar a comprobación e valoración das evidencias dispoñibles.

- Configurar un calendario de sesións de autoavaliación, preparando convocatorias e reservando espazos.

- Preparación da sesión de autoavaliación, compilando as evidencias necesarias.

- **Cubrir a pestana «Autoavaliación» da folla de cálculo.** Recoméndase cubrir como mínimo as fortalezas e as debilidades de dous descritores, así como procurar propostas de mellora para eles. Do mesmo xeito, buscaranse propostas de mellora para os procesos relacionados cos indicadores.

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea

4. RECURSO

- *Folla de cálculo «Autoavaliación EQAVET»*

Accede ao recurso facendo clic no cartafol 

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea



EQAVET

European Quality Assurance
in Vocational Education and Training

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

Cofinanciado por la Unión Europea

Cofinanciado pola Unión Europea